| Mellorar o rendemento académico, profesional e desenvolvemento persoal dos alumnos/as en función das súas capacidades, necesidades, intereses e expectativas. | • Acadar os obxectivos e criterios de avaliación reflexados nas programacións didácticas.<br>• Analizar e contrastar os resultados académicos dos alumnos/as a través das PAU e as probas de avaliación de diagnóstico en 2º da ESO.<br>• Aumentar o nivel de competencia en linguas estranxeiras. **Sección Bilingüe:**<br>  – 2º FPB Agroxardinaría e composicións florais no módulo de Actividades de rega, fertilización e tratamentos en cultivos impartido pola profesora Mª Teresa Santamarina Alonso.<br>• Mellorar a destreza do noso alumnado en inglés a través dun **auxiliar de conversa** que colaborará cos profesorado das seccións bilingües e de inglés (estamos á espera da súa “concesión” ao renunciar o auxiliar de conversa que foi asignado previamente).<br>• **Plans Proxecta:**<br>  – **Mestres gandeiros**: Organizado por a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda - Instituto Galego de Estudos do Territorio. Este proxecto desenvólvese a partires das necesidades do contexto territorial, normativo e estratéxico da paisaxe galega, en prol da aplicar os Sistemas de Información Xeográfica (en diante SIX) como ferramenta fundamental de xestión. O alumnado ao que vai dirixido pertencen a ciclos formativos da rama agraria.<br>  – **Protexe o teu medio**: Da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Este programa pretende achegar a investigación e a protección o medio ambiente ás escolas. Para iso, facilítaselles aos centros material para a recollida de mostras para a posterior realización de ensaios sinxelos sobre esas mostras recollidas. Este proxecto levarase a cabo entre o alumando de ciclos formativo.<br>  – **Proxecto ríos**: da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda - ADEGA - Augas de Galicia. É fundamental coñecer a situación actual dos cursos fluviais, e detectar a súa problemática para poder mellorar o seu estado de conservación. O alumnado participante é do ciclo superior de Xestión Forestal e do medio natural, de 2º de ciclo medio de Aproveitamento e conservación do medio natural e de Formación profesional básica de Agroxardinaría |

| Obxectivos | Medidas e actividades para conseguir os obxectivos propostos |
|---|---|
| | e composicións florais.<br>- **Correspondentes xuvenís:** da Consellería de Política Social - Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado - Servizo de Información Xuvenil. Preténdese conseguir informar ao alumnado das novas e informacións en materia de xuventude que lles poidan resultar de interese. O alumnado participante é o de 4º da ESO, 1º de Bacharelato, 1º de FPB de servizos administrativos, 1º de ciclo medio de Xestión administrativa, 2º de ciclo medio de Produción agroecolóxica, 1º de CS de Administración e Finanzas e 2º de de CS de Xestión forestal e do medio natural.<br>• **Programas de éxito educativo:**<br>- **O programa PROA+**, organizado por a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, para o cal foi solicitado unha PT de secundaria, unha profesora de Matemáticas e unha profesora de Lingua Galega e Literatura (por esta orde) para o reforzo do alumnado de 1º, 2º e 3º da ESO e 1º e 2º de FP básica.<br>- **Proxectos de Inclusión Educativa (PIE)**: Organizados por a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. Constitúe un instrumento de apoio aos centros educativos para que dentro da súa autonomía desenvolvan proxectos educativos que os convertan en centros de referencia no ámbito da igualdade, convivencia, inclusión e benestar emocional, promovendo prácticas e metodoloxías que poidan ser replicadas e adaptadas por outros centros.<br>• **ERASMUS +**: dentro do plan de internacionalización do IES de Arzúa no marco europeo desenvolveranse varias accións (actividades, formación, mobilidades...) tanto para as ensinanzas da ESO e BAC como para FP Básica e ciclos. O ERASMUS+ é un Proxecto de Centro aberto a toda a Comunidade educativa e que persegue a mellora da aprendizaxe empregando os valores da Unión Europea como ferramenta de traballo.<br>• **Intercambios de alumnado con Francia: EduFrance**: programa, organizado por a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. É un programa de intercambio presencial de alumnado galego de centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia con alumnado francés de centros educativos dependentes da Région Académique Hauts-de-France e a Région Académique Bretagne que se realizará durante o curso escolar 2024/2025<br>• **Club de Ciencia 2024/25:** organizado por a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. O Club de Ciencias resulta continuación do iniciado o curso 2022-2023 no IES de Arzúa e pertence ao entorno da aprendizaxe non formal, aínda que, os obxectivos non son tan distintos dos da ensinanza formal. Destinado a |

| Obxectivos | Medidas e actividades para conseguir os obxectivos propostos |
|---|---|
| | alumnos da ESO e 1º de bacharelato.<br>• **Polos creativos:** organizado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Está baseado na aprendizaxe activa e manipulativa, a aprendizaxe baseada no deseño, a solución de problemas e aprendizaxe entre iguais. Alumnado: ESO e bacharelatos.<br>• **Programa Impulsa**: organizado por a ONG "Ayuda en acción" e financiado pola undación "Amancio Ortega". Proxecto que ten como obxectivo mellorar a empregabilidade de xoves estudantes, comezando na integración progresiva do alumnado da ESO e chegando ao alumnado de formación profesional. Destinado ao alumnado de ESO, FP Básica, ciclos medios e superiores das familias de agraria e de administración.<br>• **Voz Natura**: O tema destacado desta edición son as actividades relacionadas co coñecemento e uso da ciencia e o método científico para protexer o medio ambiente, a través da realización de estudos e investigacións científicas e accións directas sobre o medio destinadas a resolver problemas ambientais nos nosos ecosistemas, preservar a nosa biodiversidade, loitar contra o cambio climático, evitar a destrución de hábitats e usar as ferramentas da ciencia para preservar os nosos ríos, montes e praias.<br>• **Programa A Ponte:** a ponte entre o ensino medio e a USC, como o seu nome indica pretende facer de ponte entre os centros de ensinanza secundaria e a USC. A función fundamental é ade orientar aos futuros estudantes universitarios, para que poidan elixir os estudos que máis se adapten as súas preferencias.<br>• **Plan Director da Garda Civil:** distintas charlas sobre drogas/alcol, acoso/ciberacoso escolar, outra adiccións (videoxogos, apostas,...) dirixidas ao alumnado da ESO e FPB.<br>• **rograma de charlas de ocio nocturno**: levado a cabo pola policía local de Santiago: As charlas están enfocadas a transmitir información valiosa aos xoves sobre que tipo de situacións poden resultar problemáticas durante o ocio nocturno.<br>• Confeccionar os grupos cunha distribución equitativa en canto a número, repetidores, xénero,optativas, dificultades de aprendizaxe, etc.<br>• Potenciar que o alumnado da **FP Básica obteñan o título da FP Básica e mailo da ESO, CELGA 3 e no caso de alumnado de agraria o título de manipulador de produtos fitosanitarios (nivel básico).**<br>• Consolidar os distintos ciclos implantados no presente curso así como continuar e manter os xa implantados con anterioridade.<br>• Potenciar o esforzo, motivación e autonomía do alumnado.<br>• **Atención á Diversidade**: programas de reforzo, apoios, desdobres, adaptacións curriculares individuais (ACI), exencións, convalidacións, optatividade como reforzo, flexibilizacións modulares na formación profesional, orientación académica e profesional. |

| Obxectivos | Medidas e actividades para conseguir os obxectivos propostos |
|---|---|
| | • **FEUGA**. Charla informativa. Becas de Formación en empresas para alumnado de ciclos.<br>• **Aula de emprendemento na Formación Profesional**: organizado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Estas aulas pretenden canalizar as iniciativas emprendedoras do alumnado do centro educativo mediante un sistema de orientación, guía e tutela das ideas emprendedoras que eles mesmos achegan, así como a participación en proxectos con outras entidades e organizacións.<br>• **Eduemprende:** articúlase ao redor dunha serie de programas educativos innovadores e dinámicos que proporcionan ao alumnado os recursos e as ferramentas necesarias para explorar, desenvolver e materializar as súas ideas. Ademais, busca estreitar a colaboración con líderes empresariais e emprendedores de éxito para enriquecer a experiencia educativa con perspectivas do mundo real. |
| Fomentar a boa labor docente do profesorado | • Animar ao profesorado no desenvolvemento do **Plan de Formación Permanente do Profesorado** enfocado na implementación do Plan Dixital do centro a través de diversas accións e achegamento a metodoloxías activas de aprendizaxe, continuando coa formación en Polos creativos de forma máis práctica e procurando fomentar a formación para mellorar a convivencia no centro, así como no desenvolvemento de diversos **PFFP** para o profesorado de Fp centrados en formación de tendencias e innovación na floraría educativa, innovación nos métodos para a recollida de resina e formación dixital con diversos programas coma o Canva e o Genially.<br>• Voluntarios para titorizar o prácticum no máster en profesorado da ESO e da FP, así coma para titorizar ao profesorado funcionario en prácticas (tres profesoras de Procesos de produción agraria e un profesor de Procesos de xestión administrativa). |
| Impulsar e apoiar a utilización das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC´s) no proceso educativo e nas relacións entre a comunidade educativa e o entorno, sen esquecer as fontes tradicionais de información. | • Aulas con ordenadores para o profesorado, encerados dixitais e canóns.<br>• Conexión wifi para o alumnado en xeral e en particular para o alumnado de ciclos que poden levar o seu propio equipo informático, podendo traballar na propia aula de referencia sen ocupar aulas de informática, salvo en casos puntuais e necesarios por motivos dos programas instalados ou necesidade do profesorado.<br>• Mellorar a dotación informática coa compra de novos ordenadores e actualizacións dos xa existentes.<br>• Mantemento das aulas de ordenadores e equipos electrónicos por unha empresa externa: ATX.<br>• Optimizar a páxina **web do centro** como medio de información á comunidade educativa; alumnado, pais, nais, PAS, profesorado, etc. |

| Obxectivos | Medidas e actividades para conseguir os obxectivos propostos |
|---|---|
| | • Manter actualizadas as redes sociais do IES (**Facebook, Instagram ...)**.<br>• Potenciación da **aula virtual do centro:** non só como ferramenta de traballo co alumnado senón tamén para mellorar a xestión e organización do centro.<br>• Utilización por parte dos titores do correo electrónico para recompilar información sobre o seu alumnado.<br>• A potenciación da aplicación **Abalar móbil** como ferramenta de comunicación entre familias e profesorado para controlar a asistencia e comportamento do alumnado a través do profesorado.<br>• Introducir as notas da avaliación no xade o antes posible para non interferir no discorrer normalda avaliación. |
| Fomentar a lectura e o uso da biblioteca. | • Apoiar e resaltar ao equipo **da biblioteca** que durante o presente curso continuará a realizar actividades diversas destinadas non só a lectura, senón á realización de obradoiros, visualización de documentais, etc.<br>• Participación no PLAMBE, Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.<br>• Participación nas **Bibliotecas solidarias**.<br>• O profesorado de garda na biblioteca nos recreos facilitarán a devolución e o empréstito de libros.<br>• No terceiro trimestre, incrementarase o horario de apertura coa incorporación de profesorado de ciclos formativos e de 2º de BAC que liberen sesións lectivas.<br>• Seguir co programa **Hora de Ler** organizado polo equipo da biblioteca. Establecerase un tempo de 50 minutos a semana de lectura para 1º, 2º e 3º da ESO mediante un calendario anual. A actividadeconsiste nunha sesión de 50 minutos a semana dedicada a actividades relacionadas co fomento da lectura. A sesión, de obrigado cumprimento, está fixada cada semana de forma que vai rotando ao longo da xornada lectiva para tratar de afectar por igual a todas as materias. O profesorado pode fixar exames nun período lectivo afectado pola Hora de Ler, e nese caso a actividade suspéndese ese día o cámbiase para outra hora se é posible. As lecturas elíxenas o propio alumnado con total liberdade, esixíndose unicamente que se trate dun material diferente aos libros de lectura obrigatoria. O alumnado poderá coller os libros prestados da biblioteca nos recreos ou traelos da súa casa.<br>• Elaboración do Plan anual de biblioteca.<br>• Elaboración do Plan anual de lectura contando coa colaboración dos distintos departamentos. |

| Obxectivos | Medidas e actividades para conseguir os obxectivos propostos |
|---|---|
| Potenciar as actividades complementarias e extraescolares optimizando a súa coordinación co claustro e equipo directivo. | • **Organización das actividades complementarias e extraescolares** por parte dos distintos departamentos en colaboración coa Vicedireción do Centro.<br>• Realizar unha axeitada **planificación das actividades extraescolares e complementarias**, evitando a improvisación das mesmas. |
| Favorecer a actividade física e unha dieta equilibrada. | • **Campaña de froita e leite fresco** nos recreos.<br>• Recreos activos: uso do **pavillón polideportivo do centro nos recreos, así como a utilización de tenis de mesa e os novos espazos para o alumnado nos momentos de lecer.** |
| Velar polo cumprimento da Lei de Normalización Lingüística. | • Dinamizar o funcionamento do **Equipo de Normalización Lingüística (EDNL).**<br>• Realización de actividades conxuntas entre o EDNL, co Equipo de Bibilioteca e a Vicedireción do centro.<br>• Revisión ortográfica dos documentos do centro e publicados na web. |

### 9.2.Ámbito de xestión e organización

| Obxectivos | Medidas e actividades para conseguir os obxectivos propostos |
|---|---|
| Mellorar o funcionamento do centro. | • Todos os membros da comunidade educativa, agás o alumnado, ficha cun código a súa chegada e saída do centro seguindo o seu horario.<br>• Na **aula virtual** do IES de Arzúa, está habilitado un espazo (**Sala de profesorado**) onde aparecen colgados os documentos internos do centro como as NOFC, a PXA,..., horarios tanto do alumnado como do profesorado, o relativo ás titorías, a xestión de partes, xustificantes tanto do alumnado como do profesorado, a reserva de aulas de informática, salón de actos, vehículos e tractor, etc procurando facilitar a organización e xestión do centro.<br>• Na aula do profesorado hai unha tablet onde está instalado o programa Redar para a xestión de gardas de forma telemática.<br>• Realizar unha **adecuada planificación das reunións periódicas** que deben realizar as diferentes estruturas organizativas do centro (Claustro, Titorías, Departamentos de Orientación, etc.) e ofrecerllas ao profesorado coa suficiente antelación. As reunións dos órganos colexiados (CCP, claustro, consello escolar) celebraranse sempre fóra do horario lectivo alternando mércores e xoves e os de carácter extraordinario poderanse celebrar nos recreos se están motivados pola urxencia e asegurando o dereito de asistencia de todo o |

IES DE ARZÚA
Rúa do Castro s/n 15810 Arzúa
881866047
ies.arzua@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesarzua/


| Obxectivos | Medidas e actividades para conseguir os obxectivos propostos |
|---|---|
| | profesorado. Si é posible a información a tratar na xuntanza enviarase por correo electrónico e por adiantado.<br>• **Reflectir por escrito os acordos finais acadados nas xuntas de avaliación**.<br>• Potenciar a comunicación entre o profesorado por medio do correo electrónico oficial, taboleiro da sala do profesorado e encerado da mesma.<br>• Publicitar a oferta educativa do centro en diferentes medios para aumentar o número de alumnado, especialmente en ciclos.<br>• Subir as **programacións dos departamentos ás aulas virtuais**.<br>• Procurar que os alumnos/as **non saian aos corredores nos cambios de clase**.<br>• Intentar que o alumnado non quede **nos corredores durante os recreos.**<br>• Implementar o **plan de evacuación**. |
| Controlar e rendibilizar o gasto do centro co obxectivo de manter un nivel de calidade do ensino óptimo. | • Establecer criterios claros, equitativos e públicos na dotación económica dos distintos departamentos e programas do centro.<br>• Procurar que as **actividades sexan sufragadas polo alumnado ou polo departamento** que as organiza.<br>• Diminuir o uso de copias en cor e branco e negro.<br>• Fomentar o **apagado dos equipos informáticos ao final da xornada de traballo**.<br>• **Apagar as luces** cando non sexan necesarias o seu uso.<br>• Inventariar e controlar o gasto do material de limpeza e desinfección por parte da secretaría docentro. |
| Mellorar e conservar as infraestruturas, instalacións e recursos do centro. | • Mercar novos ordenadores en propiedade así como procurar mellorar aqueles que se atopen en condicións non axeitadas.<br>• Pintado dalgunhas clases do edificio da ESO afectadas por humidades eliminando tamén elementos vexetais que dean sombra.<br>• Reparar os mecanismos de apertura e peche, así como de illamento das fiestras e portas principais do edificio da ESO.<br>• Reorganización e obras de mellora do taller de agraria.<br>• Eliminación do transformador da luz e reorganización do espazo que ocupa.<br>• Reorganizar/redistribuir novas aulas.<br>• Reorganización de distintos espazos do centro como a entrada ao mesmo e zonas axardinadas.<br>• Cambiar as luminarias non LED por outras de tipo LED de baixo consumo. |

| Obxectivos | Medidas e actividades para conseguir os obxectivos propostos |
|---|---|
| Impulsar a limpeza do centro. | • Procurar **a implicación do alumnado na limpeza do centro**, así como a adopción de medidas correctoras en caso de comportamentos inadecuados nese senso. Alumnado con condutas disruptivas poderán ter como sanción a limpeza do centro (NOFC e Plan de Convivencia do centro). Asemade procurarse facerlles partícipes das **Patrullas do lixo** que de forma xeral se levarán a cabo no primeiro lecer dos venres.<br>• Favorecer a **separación selectiva dos residuos q**ue se produzan no centro, potenciando a reciclaxe mediante a implantación de contedores destinados a tal fin.<br>• Evitar que **o alumnado tire lixo no patio** ou no centro durante os recreos (**Recreos residuos cero**). O profesorado de garda velará porque se cumpra esta medida.<br>• Procurar que o alumnado non coma, nin beba durante ás clases, e moi especialmente nas aulas de informática. |
| Revisar e actualizar tódolos documentos do centro en función das necesidades que vaian xurdindo como consecuencia da práctica educativa. | • Revisar e actualizar os documentos do centro en función das necesidades que vaian xurdindo como consecuencia da práctica educativa<br>• Poñer en marcha o **Plan de Evacuación.** |

### 9.3. Ámbito de participación e convivencia

| Obxectivos | Medidas e actividades para conseguir os obxectivos propostos |
|---|---|
| Manter unha convivencia harmónica entre todos os membros da comunidade educativa, dentro dun marco de respecto aos principios democráticos, dereitos e liberdades fundamentais. | • Revisión constante do plan de convivencia para que sexa un documento vivo que recolla as prácticas para a mellora da convivencia no centro e se encamiñe a previr circunstancias problemáticas.<br>• Formar unha **comisión de convivencia** activa.<br>• Promover **a resolución de conflitos dentro da aula**, coma un proceso construtivo na educación do alumnado iniciando procesos sancionadores só naqueles casos que realmente o requiran.<br>• Evitar agrupamentos de alumnos/as que poidan xerar conflitividade contando co asesoramento do Departamento de Orientación.<br>• **Formación do profesorado** para axudar a xestionar a convivencia no cento.<br>• Recordar e **reforzar os pasos a seguir no caso de posibles conflitos** entre o |

| Obxectivos | Medidas e actividades para conseguir os obxectivos propostos |
|---|---|
| | alumnado, co propio alumnado e as familias.<br>• **Programa de benvida e boa acollida:** co que se pretende facilitar a acollida para o alumnado de nova incorporación ao centro mediante a axuda entre iguais, de tal xeito que o propio alumnado está como referente para axudar ao novo alumnado na súa incorporación ao centro.<br>• Procurar unha **coordinación periódica dos titores co equipo directivo e orientación** para poder previr e resolver os problemas de convivencia. |
| Favorecer a participación e implicación das familias na dinámica do centro e como consecuencia, na educación dos seus fillos/as, mellorando o grado de satisfacción das mesmas. | • Colaborar coa ANPA; actividades para a alumnado e para nais/pais e titores legais.<br>• Potenciar a implicación das familias nas distintas actividades realizadas na biblioteca escolar.<br>• Manter reunións periódicas do equipo directivo coa ANPA para informar sobre temas de interese educativo.<br>• Deixar as nosas **instalacións á ANPA** para as súas actividades.<br>• Utilizar a **páxina web do centro e Abalar** para comunicarse cos pais, nais e titores legais.<br>• Asesoramento do centro educativo ás familias sobre: a saúde e seguridade, disciplina, organización e posicións positivas do fogar, que favorezan a conduta apropiada para cada nivel escolar, a través de distintas charlas de interese.<br>• Información por parte do profesorado, orientación e titores dos programas a desenvolver e do rendemento académico e persoal dos/as alumnos/as.<br>• Participación da **comunidade educativa** no goberno e a toma de decisións do centro educativo a través do Consello Escolar. |
| Propiciar a participación do alumnado na vida do centro. | • Potenciar os **mecanismos de participación na vida do centro**; delegados/as, xunta de delegados/as, Consello Escolar, etc.<br>• Substituír aquel alumno/a delegado/a, sempre baixo a normativa vixente, que non desempeñe axeitadamente as súas funcións de delegado/a e que provoque problemas de convivencia no centro.<br>• **Implicar ao alumnado do centro nas tarefas relacionadas** coa mellora do mesmo; limpeza, supervisión da orde.<br>• Intentar que o alumnado se **conciencie de que o vandalismo** é nefasto para todos, incluídoseles mesmos, xa que aparte do deterioro das instalacións e de quedarse sen poder facer uso delas, supón un desvío de fondos que podían dedicarse a remediar as deficiencias do centro ou a recursos educativos. |
| Aplicar as medidas no centro que | • Potenciar a igualdade de dereitos entre mulleres e homes como unha necesidade esencial nunha sociedade democrática moderna (Lei 7/2004 de Galicia). |

| Obxectivos | Medidas e actividades para conseguir os obxectivos propostos |
|---|---|
| promovan unha educación na igualdade entre mulleres e homes. | • Reflexionar sobre a linguaxe que usamos nas aulas, suscitando actuacións concretas que eviten o sexismo na linguaxe.<br>• Partindo dun respecto absoluto aos valores en que cada familia queira educar aos seus/súas fillos/as, é posible facerlles algunhas recomendacións como, por exemplo, establecer os mesmos dereitos e as mesmas obrigas para fillas e fillos. |

### 9.4. Ámbito de relación coa contorna

| Obxectivos | Medidas e actividades para conseguir os obxectivos propostos |
|---|---|
| Fomentar a cooperación e colaboración coa administración | • Impulsar a **colaboración co Concello (pavillón, campo de fútbol, pista de tenis, servicios sociais etc.**), Xunta de Galicia, Inspección Educativa, Universidade etc.<br>• Compartir e asistir a actividades culturais organizadas polo Concello de Arzúa e outras institucións ou entidades.<br>• Incentivar a irmandade con outros centros educativos na realización de proxectos comúns.<br>• Colaboración co **Fondo Social Europeo (FSE**). Este organismo pretende mellorar as oportunidades de emprego, reforzar as oportunidades de emprego, reforzar a inclusión social,loitar contra a pobreza, promover a educación, a adquisición de capacidades e a aprendizaxe permanente, levar a cabo políticas de inclusión activas, sostibles e exhaustivas. |
| Propiciar o contacto con empresas, institucións culturais, educativas e deportivas, autoridades relacionadas coa seguridade pública, etc. | • Promover o contacto, en xeral, **con empresas** onde podan facer as prácticas o noso alumnado de ciclos.<br>• Favorecer **a incorporación do alumnado de ciclos ao mercado laboral**. Os departamentos de Agraria e Administrativo atenderán as ofertas de emprego que reciba o centro e comunicaranllas ao alumnado.<br>• Fomentar a relación con institucións culturais e educativas que poidan ser beneficiosas para o alumnado; servizos sociais do Concello, organizacións para a protección do medio ambiente, institucións para a educación do consumidor, institucións para igualdade entre os sexos, etc.<br>• Como Centro **comprometido co noso entorno social e natural** participarase ó longo do curso en diferentes concursos, actividades; Samaín, Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Semana da prensa, Día do Medio Ambiente, etc.<br>• **Formación en centros de traballo (FCT).** Un alumno de administrativo e tres de agraria avaliaranse en decembro de 2022 da FCT. O resto do alumnado, que cumpra os requisitos, realizará a FCT no período |

IES DE ARZÚA
Rúa do Castro s/n 15810 Arzúa
881866047
ies.arzua@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesarzua/
Cofinanciado polo FSE

| Obxectivos | Medidas e actividades para conseguir os obxectivos propostos |
|---|---|
| | normal, de marzo a xuño de 2024, non sendo posible facer nestas datas a previsión en canto a número de alumnado que accederá á FCT. |
| Potenciar a relación do noso centro cos seus centros adscritos. | • Favorecer a **coordinación cos titores de primaria e orientación na incorporación** de novo alumnado.<br>• Xornadas de familiarización do alumnado de 6º de primaria do centro adscrito (CEIP. Arzúa) contando coa axuda do programa Impulsa na ESO.<br>• Realizar xornadas de "portas abertas" para familias e alumnado do 1º curso da ESO, 1º de Bacharelato, 1º de FP básica e primeiros cursos dos ciclos formativos. |
| Dar a coñecer as boas prácticas educativas que se levan a cabo no noso centro | • Facer uso dos medios de comunicación, sobre todo locais, para dar información sobre as actividades que se realizan no centro.<br>• Manter de **forma activa a páxina web do centro, instagram e facebook** como mecanismode información e comunicación na nosa comunidade educativa e na súa contorna. |